

Congreso de Derecho Procesual de Galicia: A Reforma da Xustiza Civil

Congreso de
Derecho Procesual
de Galicia:

A Reforma da Xustiza Civil



CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E RELACIÓNS
LABORAIS



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Consejo General
del Poder Judicial



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA



A Coruña, Novembro de 1999

OBXECTO DO PROCESO E OBXECTO LITIXIOSO (Reflexións sobre o proxecto de Lei de axuízamento civil aprobado polo Consello de Ministros o 30 de outubro de 1998).....	303
Ernesto Pedraz Penalva Catedrático de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE VALLADOLID	
O RECURSO DE CASACIÓN CIVIL NO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL.....	391
Manuel Serra Domínguez Catedrático de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE BARCELONA	
A RESTITUCIÓN PROCESUAL	409
Joan Verger Grau Catedrático de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.	
A REFORMA DA XUSTIZA CIVIL.....	431
Agustín-Jesús Pérez-Cruz Martín Catedrático de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
TRATAMENTO PROCESUAL DA ALEGACIÓN DE NULIDADE ABSOLUTA DO NEGOCIO XURÍDICO EN QUE SE FUNDE A DEMANDA (ART.304.2 E 3 ALAC).....	449
María Marcos Glez Lecuona Doutora en Dereito PROF.AXUDANTE Dº PROCESUAL U. DE ALCALÁ	
A ANOTACIÓN PREVENTIVA DE SENTENCIA NO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL	469
José Martín Pastor Bolseiro de investigación da Consellería d'Educació i Ciència da Generalitat Valenciana. ÀREA DE DRET PROCESSAL. UNIVERSITAT DE VALÈNCIA (ESTUDI GENERAL)	
O PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL E AS MEDIDAS PRECAUTORIAS NO PROCESO DE PROPIEDAD INDUSTRIAL	483
Vicente Pérez Daudi. Prof. titular de dereito procesual. UNIVERSITAT DE BARCELONA.	
A REGULACIÓN DA ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN DE XUICES NO PROXECTO DE LAC DO 30 DE OUTUBRO DE 1998: UNHA OPCIÓN LEXISLATIVA SOBRE A QUE MEDITAR	519
Joan Picó I Junoy Profesor Titular de Dereito Procesual UNIVERSIDADE ROVIRA I VIRGILI	
OBSERVACIÓNS RESPECTO DA REGULACIÓN DA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA NO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL.....	535
Nicolás Rodríguez García Prof. Titular de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE SALAMANCA	

OBSERVACIÓNS XERAIS Ó PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL	565
José Luis Rodríguez Pardo Asociación Galega de Avogados	
A PROBA DO DEREITO ESTRANXEIRO NO PROXECTO DE NOVA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL	573
David Vallespin Pérez Profesor Titular de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE BARCELONA	
O ASPECTO ECONÓMICO DO PROCESO XUDICIAL: OS PROCEDIMENTOS DE XURA DE CONTA; CONSTITUCIONALIDADE E FUTURA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL.....	583
Santiago Vázquez Sellés Avogado	
A PROBA DO DEREITO	605
J. M. Alonso Furelos Doutor en Dereito	
A POXA DE BENS MOBLES NO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL.....	633
Coral Arangüena Fanego Profesora Titular de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE VALLADOLID	
A ACUMULACIÓN DE ACCIÓNS NO ÁMBITO DO DEREITO DA COMPETENCIA DESLEAL (DO BORRADOR Ó PROXECTO DA LAC).....	685
Rafael Bellido Penadés Doutor en dereito. Axudante de dereito procesual UNIVERSITAT DE VALENCIA	
SOBRE OS «INTERESES DA MORA PROCESUAL» NO PROXECTO DE LAC.....	705
José Bonet Navarro e Ricardo Juan Sánchez Doutores en Dereito. Axudantes de Dereito Procesual UNIVERSITAT DE VALÈNCIA (ESTUDI XERAL)	
A INTERVENCIÓN XUDICIAL DE BENS LITIXIOSOS COMO MEDIDA PRECAUTORIA NO PROXECTO DE LAC. UNHA PROPOSTA DE LEGE FERENDA.....	729
Juan Cámara Ruíz Profesor Titular I. de dereito procesual UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
AS DILIXENCIAS DE COMPROBACIÓN DE FEITOS DA LEI DE PATENTES Á LUZ DO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL	751
Luis-Andrés Cucarella Galiana Profesor Axudante Universidade. Doutor en Dereito UNIVERSITAT DE VALÈNCIA	
A PERTINENCIA E A UTILIDADE NAS DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE PROBA NO PROXECTO DE LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL	777
Regina Garcimartín Montero Prof. Axudante de Dereito Procesual UNIVERSIDADE DE ZARAGOZA	

**SOBRE OS «INTERESES DA MORA PROCESUAL»
NO PROXECTO DE LAC**

José Bonet Navarro e Ricardo Juan Sánchez*

Doutores en Dereito. Axudantes de Dereito Procesual
UNIVERSITAT DE VALÈNCIA (ESTUDI XERAL)

SOBRE OS «INTERESES DA MORA PROCESUAL» NO PROXECTO DE LAC

SUMARIO: I. IDENTIDADE SUBSTANCIAL ENTRE OS ARTS. 921 *IN FINE LAC* E 578 PLAC.- II. FUNCIÓN DOS INTERESES DA MORA PROCESUAL NO SISTEMA PROCESUAL CIVIL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS: 1. Da conservación do importe da condena. 2. Do carácter retributivo que corresponde ós intereses procesuais. 3. Do carácter disuasorio de recursos infundados.- III. A NECESIDADE DE AMPLIA-LO «PRUDENTE ARBITRIO DO TRIBUNAL, RAZOÁNDOO PARA O EFECTO», A TODO SUPOSTO DE IMPUGNACIÓN.- IV. ¿AMPLIACIÓN DOS INTERESES DA MORA PROCESUAL NAS CONDENAS DISTINTAS Á PECUNIARIA LÍQUIDA?.- V. OS INTERESES DA MORA PROCESUAL IMPOSTOS ÁS "FACENDAS PÚBLICAS".- VI. CONCLUSIÓNS SOBRE O ART. 578 PLAC.

I. IDENTIDADE SUBSTANCIAL ENTRE OS ARTS. 921 *IN FINE LAC* E 578 PLAC

A simple comparación do teor literal dos arts. 921 LAC e 578 do proxecto de LAC (en adiante PLAC), demostra como o contido substancial de ámbolos dous preceptos é exactamente o mesmo. As diferencias son de simple estilo na redacción; no segundo, máis concisa e clara.

Os puntos 4º e 5º do vixente art. 921, introducidos pola Lei 34/1984, do 6 de agosto, de reforma urxente da Lei de axuízamento civil, xa transcribía de forma case literal o

disposto polo derogado artigo 921 *bis* que poucos anos antes xa establecera a Lei 77/1980, do 26 de decembro¹. Pola súa banda, o art. 578 PLAC, que é transcripción literal do seu homónimo do anteproxecto de LAC (en diante ALAC), é tamén igual ó art. 587 do borrador de ALAC (en diante BALAC) agás un matiz.

En canto ó artigo 921 LAC, en relación co seu precedente art. 921 *bis*, salientan dous puntos de certa importancia: 1º) O interese non é o básico ou de desconto fixado polo Banco de España, senón un «*interese anual igual ó interese legal do diñeiro incrementado en dous puntos, ou o que corresponda por pacto das partes, ou disposición especial*»; 2º) Nos casos en que, interposto recurso, resultase a revogación parcial da resolución e, consecuentemente, o tribunal resolva conforme o seu prudente arbitrio, deberá actuar «*razoándoo para o efecto*».

En canto ó art. 578 PLAC en relación co art. 587 do borrador, exclusivamente se modifica a última frase (coincidente coa do art. 921) «agás as especialidades dispostas para a facenda pública pola Lei xeral orzamentaria». Agora queda como «agás as especialidades legalmente dispostas para as facendas públicas». Desá maneira a modificación amplía en certa medida as posibles distincións: non só é a facenda, senón as facendas; e xa non é unha lei en concreto, senón máis ou menos, calquera lei.

¹ Véxase DAMIÁN MORENO, J., *Breve apunte sobre los intereses del art. 921 LEC*, en *Justicia*, 1997, 3-4, páxs. 979 e ss.

Como dicimos, non hai ningunha diferenza de contido entre a redacción do vixente art. 921 e o art. 578 do proxecto. Cambia a orde nas frases, algunhas palabras, sepárase algún parágrafo, pero se vén a dici-lo mesmo. Mesmo a omisión no proxecto da mención expresa sobre que a acumulación dos intereses proceda «ata que sexa totalmente executada», cremos que é máis ben de estilo. Considerouse innecesario, ou de tan obvio ata enfático, mencionar que o límite da acumulación dos intereses chega ata o momento en que estea cumprida ou satisfeita a obriga. Loxicamente, cando o cumprimento sexa parcial, tal circunstancia deberá ser tida en conta no correspondente cálculo. Pero, en todo caso, a idea é coincidente. Agás unha redacción se se quere máis nida e correcta, prodúcese unha identidade substancial entre os arts. 921 *in fine* LAC e 578 PLAC. O propio informe ó anteproxecto de LAC do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 13 de xaneiro de 1998 afirma sobre o art. 578 ALAC que «*resulta criticable por reiterar algúns dos defectos e omisións do actual artigo 921 da Lei de axuízamento civil, non incrementando os intereses en determinados casos de demora apreciable (sic) os intereses moratorios e non referíndose a outros títulos distintos da resolución xudicial*».

Polo tanto, se no proxecto se considerou pertinente conservar no esencial a regulación preexistente en materia de intereses procesuais, renunciouse a realizar cambios de matiz que non van máis alá de simple redacción, terá que deberse a que parte da base de que é suficientemente boa a situación mantida.

Nosoutros discrepamos da anterior formulación malia sermos conscientes de que a cuestión dos «intereses da mora procesual» non é das materias que presenten graves

problemas dogmáticos que vaian máis alá do deslinde conceptual cos intereses moratorios regulados no Código civil (arts. 1108, 1100 e 1101)², cremos que non son estes tempos para sermos conformistas, senón máis ben de todo o contrario. Con este ánimo, pois, sen outra intención que intentar ofrecer algunha mellora na que pode ser unha pequena parte da futura regulación do proceso civil, imos formular observacións críticas en relación á función que deberían cumprir os intereses procesuais, así como sobre a insuficiencia da regulación preexistentes e a disposta para, a partir diso, sinalar cómo, ó noso xuízo, debería configurarse unha regulación consecuenta³.

² Afirmouse, con razón, que a regulación dos intereses procesuais se imbrica organicamente nunha normativa que ten a súa cerna no dereito material, posuíndo un claro sentido substancial. Véxase LOZANO HIGUERO, M., *El art. 921 bis de la LEC*, en *Justicia*, 1981, páxs. 113 e ss. CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., *Artículo 921*, en "Comentarios a la reforma de la Ley de enjuiciamiento civil", con outros, Madrid, 1985, páxs. 668-70. De feito, aínda que son claras as similitudes entre ámbolos dous intereses, tamén o son as súas diferencias tanto cuantitativas (porque os intereses moratorios non poidan ser impostos, coma, noutro caso, porque o seu importe resulte distinto ó dos procesuais); coma cualitativas, como sinala a STS, Sala 1ª, do 5 de abril de 1994, en RX 1994\2.937, «mentres estes últimos non requiren instancia de parte, posto que poden impoñerse con só o suposto de feito que o legislador contempla, aqueles (os moratorios) requiren instancia de parte». Véxase SENÉS MOTILLA, C., *Las obligaciones en moneda extranjera*, cit., páxs. 172-7. BONET NAVARRO, J., *Distinción, inadecuación e insuficiencia de los intereses procesales*, en *RGD*, 1995, páxs. 8.747-57.

³ Véxanse algúns problemas prácticos que presentan os intereses procesuais en DAMIÁN MORENO, J., *Breve apunte sobre los intereses del art. 921 LEC*, cit., páxs. 977-87.

II. FUNCIÓN DOS INTERESES DA MORA PROCESUAL NO SISTEMA PROCESUAL CIVIL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

O art. 921,4 LAC, así como o 578,1 PLAC refírense ó interese legal do diñeiro e a un incremento no mesmo de dous puntos como partidas que configuran o tipo de interese. En principio, parece que tales porcentaxes deberían estar ó servizo coa dobre finalidade á que tradicionalmente a xurisprudencia vén atribuíndo a estes intereses: 1ª) O mantemento do valor da condena; 2ª) Disuadir quen pretenda formular recursos infundados, temerarios ou simplemente dilatorios⁴.

1. Da conservación do importe da condena.

Ó noso xuízo, tal e como se regula, a finalidade de conservación non se cumpre ou, de facelo, é por pura casualidade. Que se manteña o valor da condena dependerá de que o índice de prezos ó consumo coincida exactamente co importe dos intereses. Cando tal índice sexa superior ó tipo do interese procesual, é claro que non haberá ningún mantemento do valor da condena⁵. Outra cousa é que debido á actual conxuntura económica a dita circunstancia non se produce, senón que pola contra o IPC é inferior ós citados intereses. Pero iso non obsta para que podamos mante-las nosas críticas, máxime cando a función

⁴ Véxase, ó respecto destas finalidades, FERNÁNDEZ LÓPEZ, M. A., *Derecho procesal civil*, III, 3ª ed., Madrid, 1992, páxs. 170-3.

⁵ Polo tanto, as críticas realizadas sobre o mesmo quedan absolutamente xustificadas. Así, por exemplo, LOZANO HIGUERO, M., *El art. 921 bis de la LEC*, cit., páxs. 121-2.

conservativa unicamente se produce cando o IPC e o importe de interese é exactamente o mesmo. Calquera diverxencia entre unha e outra porcentaxe determinará, se é por defecto do interese procesual, que a conservación non sexa tal; se é por exceso, que se produza un enriquecemento inxustificable do acreedor.

De tódolos xeitos, cremos que o noso ordenamento xurídico debe contar cun mecanismo que garante, con independencia da potencialmente variable situación económica, que en todo caso o acreedor conserve o importe da condena. Nin a actual regulación, nin a que se prevé, cumpren con esa esixencia da máis elemental xustiza. Para que así ocorrese, sería necesario introducir un mecanismo corrector que, se é o caso, impidise a inxustiza patente que trae consigo ese feito. O único que se nos ocorre, nestes momentos, consiste simplemente en que o tipo dos intereses procesuais se correspondese coa porcentaxe de IPC. Mecanismo nada estraño hoxe en día, por exemplo, en materia de pensións, salarios, impostos varios...

2. Do carácter retributivo que corresponde ós intereses procesuais.

Pero non queda aí a cuestión. Ó noso xuízo, a función dos intereses procesuais non é realmente conservativa. Iso é unha esixencia, como dixemos, de xustiza material, unha *conditio sine qua non*, pero non é función. A verdadeira función é a retributiva.

Estamos convencidos de que o acreedor merece un *plus* respecto á simple conservación. Como advertimos, os intereses procesuais xamais conservaron na súa xusta medida o nivel adquisitivo da condena. E se o fixo, foi pola pura casualidade de que o IPC coincidise co tipo do interese procesual. E ese plus mereceu o favorecido por unha condena como merecida retribución ó especial financiamento que realiza respecto do condenado. Observemos que cando unha sentenza do Xulgado de Primeira Instancia condene ó pagamento dunha cantidade líquida, a débeda é certa e debida. Se a dita sentenza non se revoga totalmente, durante o tempo que media desde que se dicta ata o momento de pagamento efectivo, cabe entender que o acreedor «financia» o debedor polo importe líquido condenado. A cambio dese particular financiamento, é factible que o acreedor deba percibir unha retribución que, como xa dixemos, ha de incluír, como requisito básico pero non único, a conservación do nivel adquisitivo da condena.

Así, pois, para que os intereses procesuais se correspondan coa súa verdadeira función de retribución, e para que cumpran a xusta esixencia de conservación do nivel adquisitivo da condena, deberían estar compostos por dúas partidas que sirvan para satisfacelas respectivamente: a) Para a conservación: unha variable que se correspondese coas alzas, e coas en teoría posibles baixas, da inflación; b) Para a retribución: unha parte fixa nos puntos que se estimen pertinentes; por exemplo, a do interese legal do diñeiro ou a de calquera outra.

3. Do carácter disuasorio de recursos infundados.

O que os intereses procesuais sirvan ou non como disuasorios de recursos infundados, temerarios ou simplemente dilatorios é unha cuestión de estatística. Se a práctica revela que un gran número dos recursos formulados son de tales características, podemos pensar que este mecanismo (xunto ó resto que poden ser útiles para iso, como a execución provisional, a imposición de custas...), é inoperante ou, polo menos, insuficiente.

Os intereses procesuais, se é certo que cumpren unha función disuasoria, ou, como sinala DAMIÁN MORENO⁶, se a súa natureza é a de «*unha obriga de pagamento que ten a súa orixe última no deber constitucional de acatamento das resolucións xudiciais (art. 118 CE)*», non son outra cousa máis ca unha figura claramente sancionadora e restrictiva de dereitos da parte contra á que se impón a obriga. Deste xeito, polo menos, imponse que debamos analizala con absoluta prudencia. Nese sentido, consideramos que se se levase convenientemente á práctica o dito antes sobre a retribución do favorecido pola condena, non atopamos ningunha razón para que o acredor ingrese no seu patrimonio ningún importe por tal concepto. Se se trata dunha indemnización a prol do acredor favorecido pola condena, esta debe encontrarse xa incluída no importe de retribución ó que nos referiamos (partida fixa nos puntos que se estime oportuno ou adecuado). En cambio, se se trata dunha sanción, tampouco hai motivo para que un particular cobre ningunha sanción, senón que a destinataria tería que se-la propia Facenda Pública (o, como di o PLAC, algunha das «Facendas Públicas»).

⁶ DAMIÁN MORENO, J., *Breve apunte sobre los intereses del art. 921 LEC*, cit., páx. 981.

Por iso, toda partida ou importe que se corresponda en todo ou en parte con calquera xénero de función sancionadora debería desaparecer. Cremos que unha vez que o beneficiario dunha sentenza se vexa retribuído suficientemente, non procede que ingrese importe ningún en concepto de «intereses-sanción»; especialmente se a dita sanción ten como fin inmediato evitar recursos infundados.

Esta consideración refórzase se atendemos a que, como ocorre en moitas ocasións, o verdadeiro prexuízo, máis de que se formulen recursos infundados contra unha sentenza, deriva de que o tempo transcorrido para a súa resolución excede do estrictamente necesario para que se resolva con tódalas garantías. É dicir, o maior dano prodúcese como consecuencia das dilacións producidas pola tradicional (e non por iso menos inadmisíble) falta de medios materiais e humanos nos órganos xurisdiccionais, así como por outras razóns tan diversas como a falta de instrumentos fundamentalmente procesuais que coadxuven a mellora-lo desenvolvemento do proceso e a «calidade» do traballo que no mesmo se realiza. Quen pretenda lanza-la primeira pedra sancionadora ós cidadáns que exercen dereitos fundamentais, que se pare a comprobar se está libre de competencia e responsabilidade nas referidas materias.

III. A NECESIDADE DE AMPLIA-LO «PRUDENTE ARBITRIO DO TRIBUNAL, RAZOÁNDOO PARA O EFECTO», A TODO SUPOSTO DE IMPUGNACIÓN.

Dispoñen os arts. 921,4 LAC e 578,2 PLAC que «*nos casos de revogación parcial, o tribunal resolverá [sobre os intereses de mora procesual] conforme o seu prudente arbitrio, razoándoo para o efecto*». Ó noso xuízo, tal previsión debería ampliarse tamén a tódolos supostos de impugnación da condena «de primeira instancia».

De entrada, debemos poñer de manifesto que sería máis lóxico que a norma dispuxese unha mesma solución para toda cantidade confirmada, fose total ou parcialmente, tendo presente sempre que a dita cantidade debe se-la que sirva de base sobre a que aplica-lo tipo de interese⁷. Doutra banda, se a función do interese é retributiva e excluímolo seu carácter sancionatorio, parece que a solución común deba se-la de aplicar en todo caso a resposta legal dada para os supostos de non revogación ou, o que é o mesmo, de confirmación total da cantidade. E iso, dunha banda, porque o financiamento do favorecido pola condena en maior ou menor medida se produce en ámbolos dous casos; doutro, porque as razóns polas que en moitas ocasións resultará necesaria a aplicación do «prudente arbitrio» do tribunal, derivará de conductas probablemente merecedoras de sanción (en especial do máis ou menos fundado que pode resultar un recurso e da posible renuncia de dereitos por algunha das partes). Dese xeito, polo tanto, a conclusión que a primeira vista se deriva é a de rexeita-la necesidade de aplica-lo «arbitrio» do tribunal.

Non obstante o anterior, debemos recoñecer que, cando se produza a revogación parcial, poden reproducirse situacións de clara inxustiza. Os supostos poden ser moi variados, por exemplo, se unha sentenza do Xulgado de Primeira Instancia condena a unha determinada cantidade, atendendo ó interese legal do diñeiro e a un período desde que a citada sentenza se dictou ata que a súa condena foi efectivamente satisfeita, a dita cantidade servirá de base para obter un concreto importe de intereses procesuais. Pode ocorrer que neste suposto o debedor recorra en apelación, e venza, reducíndose a cantidade debida á metade. Se o tempo empregado pola Audiencia para dicta-la súa sentenza fai aumentar por tres o tempo que media ata o aboamento polo debedor, o importe de intereses resultará ser superior malia a redución da base e de resultar vencedor o debedor no recurso. Ó noso xuízo, esa aplicación de intereses provoca unha situación de absoluta inxustiza que fai razoable o que se tempere o rigor literal da lei, mediante a fórmula do prudente arbitrio (que non arbitrariedade) do Tribunal, e sempre razoándoo para o efecto.

Agora ben, no mesmo suposto anterior, pode ter ocorrido que o debedor, como consecuencia, por exemplo, da súa rebeldía e consecuente abandono de dereitos, contribuíse desa forma a que a sentenza de primeira instancia fose excesiva. Aínda que recorrese con razón, e vencese, o verdadeiro causante da maior duración do proceso terá sido sen dúbida o mesmo recorrente vencedor. O prudente arbitrio do xuíz, cremos, aquí debería conducir polo contrario a unha aplicación estricta do artigo 921,4 LAC.

⁷ Neste sentido, CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., *Artículo 921*, cit., páx. 669.

É mais, as mesmas inxustizas que se producirían nalgunhas ocasións de revogación parcial, tamén poden derivar doutros supostos como os de confirmación da cantidade e, aínda que con maiores dúbidas, tamén de revogación total. Vexamos como

a) Supostos de confirmación total.-

Pode ocorrer que un acredor recorra contra unha sentenza pretendendo aumentar infundadamente a condena. Se a Audiencia rexeita o recurso e, polo tanto, confirma a cantidade líquida, o lapso de tempo aumentará e, con iso, os intereses que corresponden ao debedor. O dito aumento de intereses por aplicación estricta do art. 921,4 LAC ó 578 PLAC serao como consecuencia directa da actitude «maliciosa» precisamente de quen vai se-lo beneficiario duns intereses que pretenden ser sancionadores das ditas actitudes. Entendemos que, en supostos como o presente, tamén é necesario tempera-lo rigor legal.

b) Supostos de revogación total.-

Mesmo pode ocorrer que, por rebeldía do debedor, o xulgado de primeira instancia dictase sentenza condenatoria, que ó ser recorrida polo condenado resulte revogada totalmente. Opinamos que, aínda que con algunhas dúbidas máis, tamén sería necesario neste suposto aplica-lo prudente arbitrio do tribunal, agora para sancionar tales actitudes. No caso de que a sentenza que revoga toda a condena fose a do Tribunal Supremo, cremos que non sería criticable a imposición de intereses, por exemplo, desde que se dictou a sentenza de primeira instancia ata a da Audiencia.

De todo o anterior cabe deducir que a necesidade de aplica-lo prudente arbitrio do órgano *ad quem* non é exclusiva dos supostos de revogación parcial; senón que o é de todos aqueloutros en que unha sentenza de primeira instancia sexa impugnada, e con independencia do resultado da dita impugnación. Todo iso sen prexuízo de que non deixe de ser certo que o suposto de revogación parcial sexa o que máis veces necesite da súa aplicación.

En conclusión, o precepto do PLAC debería referirse a que a resolución conforme o prudente arbitrio, razoándoo para o efecto, se produza «nos casos de impugnación».

IV. ¿AMPLIACIÓN DOS INTERESES DA MORA PROCESUAL NAS CONDENAS DISTINTAS Á PECUNIARIA LÍQUIDA?

Se somos congruentes co carácter retributivo que teñen, ou deberían ter, os intereses pola mora procesual, debemos defende-la súa procedencia nas condenas distintas á pecuniaria líquida (ilíquidas e mesmo non pecuniarias). Consideramos que o inconveniente práctico consistente na maior dificultade na súa aplicación non tería que excluí-la súa aplicación mentres a dificultade non supuxese imposibilidade. De feito, establécense no propio PLAC algúns mecanismos para a súa liquidación ou cuantificación económica (los arts. 711, seguintes e concordantes son bo exemplo). En todo caso, parécenos máis acorde co principio de igualdade que a imposición de intereses da mora procesual, ademais de

proceder en tódalas ordes xurisdiccionais, non faga distinción entre os distintos tipos de condena con compoñente patrimonial. Non vemos grandes inconvenientes, á parte dalgúns problemas prácticos, en abandona-lo tradicional *in iliquidis non fit mora*.

V. OS INTERESES DA MORA PROCESUAL IMPOSTOS ÁS "FACENDAS PÚBLICAS".

Como dixemos, o inciso final do último parágrafo do art. 921 LAC, relativo ás «especialidades dispostas para a Facenda Pública pola Lei xeral orzamentaria », queda redactado no art. 578 PLAC como «as especialidades legalmente establecidas para as Facendas Públicas».

Se algún efecto positivo cabe atribuír a esta novidade é a adecuación do texto á situación real da organización territorial do Estado, onde non só a Administración Xeral do Estado é potencialmente parte nun proceso civil -cada vez menos, todo sexa dito de paso, se temos en conta a nova redacción do art. 9.4 da LOPX trala reforma do 13 de xullo de 1998; pero en todo caso non debe perderse de vista o carácter supletorio que o legislador quere conceder a esta norma-, senón tamén a Administración das Comunidades autónomas, a Administración das entidades locais, e o resto de entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas a calquera das Administracións territoriais citadas (art. 2 LRXAPYPC). Deste xeito, cabe presumir que o Tribunal Supremo modificará a súa doutrina, reiterada en diversas resolucións (sentencias do 17 de xullo de 1993, 11 de febreiro de 1995, 18 de abril de 1995 e auto do 30 de xaneiro de 1996, todas elas da Sala Terceira;

non o entendeu así a Sala Cuarta do mesmo TS en sentenza do 28 de abril de 1997), pola que unicamente facía extensible a aplicación do art. 921.5º LAC á Administración do Estado e os organismos dela dependentes.

Sen embargo, a referencia ás «Facendas Públicas» parécenos inadecuada por imprecisa, e porque esixe unha obrigada remisión a todas e cada unha das normas que sobre a materia dictase o Estado e as distintas Comunidades autónomas, con competencia sobre a materia segundo previsións contidas nos diversos Estatutos de Autonomía. E iso é máis criticable cando o uso desa expresión permite que cada Comunidade autónoma outorgue un contido distinto ó concepto de Facenda Pública de onde se poden derivar significativas diverxencias entre as distintas Administracións públicas.

Sirva de mostra do que se di o contraste de dúas normas sobre a materia. Así, para a propia Administración Xeral do Estado, segundo o art. 2 da Lei xeral orzamentaria, a Facenda Pública está constituída polo conxunto de dereitos e obrigas de contido económico de titularidade que corresponde ó «Estado ou ós seus organismos autónomos», expresión que caberá integrar co disposto na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, do 14 de abril de 1997. Á súa vez, a Lei de facenda da Comunidade autónoma de Madrid, do 8 de novembro de 1990 (BOCM do 21 de novembro), no seu art. 2.1 establécese o seguinte: «A Facenda da Comunidade de Madrid, para os efectos desta lei, está constituída polo conxunto de bens, dereitos e obrigas de contido económico de titularidade que corresponda ás Institucións, a Administración da Comunidade, ós seus organismos autónomos, empresas e resto de entes do sector público da Comunidade». Á parte as

cuestións sobre a competencia das CCAA para excede-los termos da Lei xeral orzamentaria, o que está claro é que nos atopamos cun tratamento diferente dunha mesma materia na normativa sobre as Facendas Públicas, o que fai conveniente que o lexislador utilice criterios máis precisos evitando deste xeito a menor dúbida sobre o alcance da norma.

Mesmo para unha mesma administración territorial a referencia á "Facenda Pública" esixe unha constante determinación, caso por caso, de qué entes públicos poden ser considerados como tal. Así por exemplo, no caso da Administración do Estado, un ente público dos establecidos no art. 6.5 LXP -polo tanto non se trata dun organismo autónomo- como a Axencia Estatal da Administración Tributaria, segundo o seu propio estatuto goza dos mesmos dereitos có resto da "Facenda Pública" (incluíndo o disposto nos arts. 36.2 e 45 LXP, que despois veremos) segundo dispón o núm. 6 do apartado dous do art. 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para 1991, ó cabo modificado pola Lei 18/1991, do 6 de xuño, de normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A expresión "Facenda Pública" foi substituída noutros preceptos da LAC en anteriores reformas procesuais como consecuencia da superación da idea do *fisco* como único ámbito do poder público suxeito ó control dos Tribunais civís⁸. Así, por exemplo, en materia de conciliación o art. 460.1 LAC, trala reforma de 1992, refírese expresamente ó «Estado, Comunidades autónomas e demais Administracións públicas, corporacións ou

⁸ JUAN SÁNCHEZ, R., *Las Comunidades autónomas en el proceso civil (Normas autonómicas y nueva Ley de asistencia jurídica al estado e instituciones públicas)*, Granada, 1998, páx. 131.

institucións de igual natureza». Por todo iso, consideramos que tamén no punto relativo ós intereses procesuais debería empregarse unha expresión máis acorde coa terminoloxía actual e que en ningún caso permitise a extensión dos efectos da norma máis alá das Administracións territoriais e os seus respectivos organismos autónomos, excluindo de xeito claro e terminante ás entidades públicas de índole mercantil. Noutro caso parécenos inxustificable un trato desigual co resto de persoas xurídicas de dereito privado.

Con todo, o maior motivo de crítica é o mantemento do "privilexio" a prol das Administracións públicas, máxime cando outros textos legais parecen acouta-la situación especial das Administracións no pagamento de intereses derivados de obrigas recoñecidas xudicialmente. Expoñémo-la situación.

O envío que actualmente fai a LAC, e que o PLAC mantén, ás leis sobre a Facenda Pública, comporta, hoxe por hoxe, que, conforme ó art. 45 da Lei xeral orzamentaria e os seus concordantes autonómicos, a Administración pública está exenta do pagamento de intereses de mora durante os tres meses seguintes á notificación da resolución xudicial; ademais, en ningún caso o interese que se vaia pagar se verá incrementado nos dous puntos a que se refire o art. 921 LAC (art. 36.2 LXP). Estas especialidades foron reputadas como constitucionais en STC 206/1993, do 22 de xuño, pronunciamento que non imos cuestionar nin analizar en atención ó que a continuación expoñeremos.

O debate nos últimos anos centrouse en determina-lo cómputo dos tres meses de exención de intereses para a Administración pública, cuestión sobre a que o TC se

pronunciou en reiteradas sentencias (69/1996, do 18 de abril; 110/1996, do 24 de xuño; 113/1996, do 25 de xuño; 141/1997, do 15 de setembro) e nas que estableceu que o *dies a quo* nace coa notificación da sentenza dictada en primeira ou única instancia.

A situación, en cambio, dalgún xeito debe modificarse trala aprobación da nova Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998. A nova Lei da xurisdicción contencioso-administrativa regula expresamente o tema dos intereses procesuais que debe satisfacer a Administración condenada no art. 106 da dita Lei onde, se ben non establece un sistema absolutamente igual ó establecido para os particulares no actual art. 921 LAC, si se aproxima, en beneficio do acredor, ás disposicións do mesmo. En primeiro lugar concédese á Administración condenada un prazo de tres meses para satisfacer voluntariamente a débeda recoñecida xudicialmente, cantidade á que se «engadiría o interese legal do diñeiro, calculado desde a data de notificación da sentenza dictada en única ou primeira instancia» (art. 106.4 LXCA), de xeito que desaparece o período de exención de tres meses establecido actualmente no art. 45 LXP. Pero, no caso de que a Administración non proceda ó pagamento voluntario da condena no prazo dos tres meses concedidos, dispón o art. 106.3 LXCA que o órgano xudicial, oído o órgano administrativo encargado de executa-la sentenza, poida «incrementar en dous puntos o interese legal a percibir, sempre que se apreciase falta de dilixencia no cumprimento», de xeito que se derroga o art. 36.2 LXP. Insistimos en que non se produce unha asimilación de sistemas, senón que a Administración mantén certas especialidades, pero que se a xurisprudencia do TC recoñeceu que as disposicións dos arts. 36.2 e 45 LXP eran constitucionais, con maior motivo haberá para pensa-lo mesmo das novas disposicións da actual LXCA, moito máis beneficiosas para o particular acredor da Administración pública.

O problema xorde con relación á vixencia dos arts. 36.2 e 45 LXP, que, ó noso entender, non poden considerarse derogados, pois resultan de aplicación en moitos outros supostos nos que a "Facenda pública" é debedora –constitúen a regra xeral para a determinación dos intereses cando a Administración recoñece en vía administrativa a súa débeda-, se ben non son de aplicación no ámbito do recurso contencioso-administrativo por seren contrarios ó art. 106 LXCA. Deste xeito resulta que, se o art. 578 PLAC procede a unha remisión á normativa en materia de "Facendas públicas", e polo tanto cabe entender de aplicación os arts. 36.2 e 45 LXP, noutra orde xurisdiccional –a contencioso-administrativa– os ditos preceptos non son de aplicación, o que dá lugar a unha diversidade de réximes. ¿Que pode xustificar un trato tan desigual?

Cómpre, polo tanto, unha unificación de criterios nesta materia, para o cal, o máis oportuno consistiría en introducir na futura LAC os mesmos criterios que actualmente recolle a LXCA, evitando dese modo confusións e establecendo un réxime homoxéneo para toda Administración pública, estatal, autonómica ou local.

VI. CONCLUSIÓNS SOBRE O ART. 578 PLAC

Se durante o tempo transcorrido desde o momento en que se dicta unha sentenza en instancia, ata o instante en que se paga, o beneficiario da condena financia o condenado, é factible entender que o primeiro obteña unha remuneración por iso. Desá maneira, a natureza

dos intereses procesuais sería en realidade cumprir con tal función; sen prexuízo de que non poida existir ningunha retribución se a mesma non cobre o mantemento do nivel adquisitivo da condena. Con iso, o rédito nos intereses da mora procesual debería estar composto por dúas partidas: a) Para a conservación do nivel adquisitivo da condena: por unha variable que ... correspondese coas alzas, e coas en teoría posibles baixas, da inflación. b) Para a retribución do beneficiario da condena: por unha parte fixa nos puntos que o lexislador estime pertinentes.

Toda partida ou importe correspondente a calquera xénero de función sancionadora, debería desaparecer. Se se trata de sancionar, son as Administracións públicas as que deberían ingresa-lo seu importe. E ante iso, a mesma Administración correspondente debería primeiro darse conta de quen é o maior responsable dos prexuízos causados polas tradicionais dilacións dos procedementos.

A necesidade de aplica-lo prudente arbitrio do órgano *ad quem*, razoándoo para o efecto, debería contemplarse no PLAC, «nos casos de impugnación». O que ó final significaría temperar ou non o rigor na imposición de intereses, sempre razoándoo para o efecto.

A expresión "facendas públicas", no tocante ós intereses impostos ás mesmas, sería conveniente substituíla por unha referencia directa á Administración xeral do Estado, das Comunidades autónomas, das Entidades locais e os seus respectivos organismos autónomos, de xeito que desaparezan as diverxencias que ó respecto presentan a lexislación estatal e

autonómica. Igualmente, carece de xustificación que no ámbito do proceso civil as Administracións públicas gocen dun réxime máis privilexiado có establecido na Lei da xurisdicción contencioso-administrativa para a execución das sentencias de condena ás mesmas Administracións públicas.